

Selección de poemas de Pura Vázquez

AMANTE

Pol-os vieiros vai
cheo de lúa
¡meu amante!

Vai cheíño de lúa...
Brincafollos no sangue.

Lévaos a noite. Vai,
ollos de lúa, buscándome.

Alba deloirada, alba
do infindo amor, afogándome.

Vino pasar cheo de lúa,
pol-os camiños, amante...
Levávaos a noite. Iba,
ollos de noite, buscándome.

Fonte: *Maturidade*, Ediciones Galicia, 1955, p 61

BENAMADA SOIDADE

Bolígame nas maus unha roxa lume de mapoulas,
e unha papuxa xoga cas oropéndolas celestes.
E unha celme sorrisa ó mencer nas searas,
nas gándaras outeantes e nas congostras.

Dedaleiras moranzas repinican o vento
e a salvea agroma recendendo nos fachos
onde dormen os sapos e os vemiños de luz.
O melro faille meiguerías ó sol
e papa pizgairo nésporas e cabalos do demo,
miñocas e mosquitos sin adubíos...

Qué afagos ten a rosa dos ventos da vida,
que misturadamente me levan ó pináculo do engado.
Qué sangue en fogaxe me arrinca en tránsitos e lufadas
por xeografías inxéritas, sin nome.
Ausurdos canles onde pulula unha témera
e miridián emanazón de espranza.

¡Ai, que luces melurentas
caladamente dades, afatándovos
en chegar ós recantos en penumbras,
como unha melodía feble, anémica,
mintindo pesadelos polos muros,
pantasma teceláns polas vellas cociñas...!

Eiquí chegades, eiquí hoxe, vivos, con nós;
 cousas pequenas, humildes, necesarias,
 que os séculos amorean nos museos
 das antergas peciñas cheas de historia.

Hoxe vides a darnos a vosa tremeluz,
vermeluz vos diría si non vos ofendérades,
eiquí, no vinte século do mundo,
nun museo de Arte tan antergo
cuáse coma a mesma vosa historia.

Fonte: *a Saudade i outros poemas*, Salnés, 1963, p 35-36

DESQUE TE FUCHES

A Castelao

Desque te fuches
o silencio xa tece un segredo de eternidás,
carón do cumio do teu nome
que acircundan os ventos, as aves, o mollado
xirasol morriñento das brétemas insondabeis.

Desque te fuches
chora a moutedume das cousas, as merguradas escumas,
as sombras do tempo cravándose no orela
dun infindo interrogante; aí
onde o sono non acaba
xurde sonos de inmorredoira vida,
e a galáxica pomba afúndese en armónicas
vibracións, camiños dos séculos, co panel do teu nome,
co alalá da Saudade da túa Ausencia...

Galicia abre a tenrura suave dos teus brazos
na candura da pedra, no musgo
envolto en sigros dos cruceiros vellos,
e amóstrase irredenta nas cruces, nas feridas,
--roxas mapoulas tremelantes—
que afincan a loita na ialma.

Galicia trema nunha noite descabalada,
polos sulcos húmidos da terra campesía,

da túa musa namorada e forte,
baril e de cotío acesa, inxénita,
polos agros en arume de frol e dozura cotián,
por boscos e montañas, por cómaros e ríos,
hastra o derradeiro cantizo do bravo Fisterre.

Galicia trema e chora en cada Lar sin consolo,
nos infindos corazós dos emigrados
que lonxe dela loitamos xurdindo arelas de tornar.

Galicia ten tristuras de colmea soterrada,
músicas en salaio, laios axexantes nas ponlas,
gurgulando no sangue como eólicas arpas,
coma malvises e reiseñores montesíos chorando...
sobre o teu cadaleito en mansíos de distancias...

Fonte: *a Saudade i outros poemas*, Salnés, 1963, p 55-56

O SALTO DO CAN

A Ben - Cho - Shey

O salto do can perdéu a enxebre postura de nacemento.
As casas ruben modernas e nacen rúas de cibdades
onde o toxo bravo amarelecía e cheiraba,
e os orballos locían sobre as ervas e as silveiras.

Todo era simple, sinxelo, as cousas, a xente, a paisaxe...

Inda era noite e o reiseñor xa cantaba, espertándome,
na ponla máis outa do membrilleiro ou da nogueira.

Os anos roubáronlle a facie da campía leda, montesía,
e os homes empéñanse en urbanizalo.

Chalets modernos, avenidas, zonas de verde, nos pranos,
e xa as pitadas non poden escarabellar ao seu gusto,
nin os cás retouzar nos lameiros e as corredoiras.

Os veciños son xente estrana que ven de lonxe.
Nos tellados hai antenas de televisión e pararraios,
e as casas teñen neveira, tocadiscos, bombonas de
butano,
aspiradores, máquinas de esquirbir...

Os xitanos que eramos daquela somos agora xente
de mundo,
e algúns teñen coche, e outros,
até fixemos algúns viaxes a Madrid e a Venezuela...

O Salto do Can está alí mesmo, no mesmo corruncho,
no poñente ourensán e sigue tomando o sol que nace
no Montealegre
pola mañán; e oíndo as badaladas de todos os campanarios
de corenta irexas presididas pola catedral,
que brinca no vento dos puntos cardinaes,
na choiva que ven de Portugal, na xiada do Norte.

O Salto do Can é a estrela que brila sempre na escuridade
onde todos os sonos me sinalan e levan;
o niño ledado que agarda, que ten a quentura e a mantenza
do amor sin fin, a meta arelada,
o soar doce, o cabezal sin ferida
onde apousar un día calquera,
cando morran os fondos desacougos da alma.

Fonte: 'O desacougo', *Antoloxía (Poesía Galega) 1952-1971*, 1991, p 113-114

VISITAS AO BOSCO

A Cinsenta, Brancaneves,
as bruxas, Caperuciña
os cabritiños e o lobo
todos a presa camiñan.

Van por os boscos cantando,
choutan, berran, corren, brincan.

Os ananos fan a rolda
maís pequeniña.

Caperuciña na aboa,
no lobo vello, cavila.

Brancaneves na madrasta,
e nas peinetas e as fintas.
A Cinsenta no zapato
perdido, na carrouciña,
no príncipe que a percura...

Os cabritos, na cabrita...

Os boscos están de festa
con tan xentiles visitas.
O vento, as frores, os árbores
poñen ledas as sorrisas...

(¿E si o lobo se casara

coa nena Caperuciña?)

Fonte: 'Oriolos neneiros (poesía infantil galega)', *Antoloxía (Poesía Galega) 1952-1971*, 1991, p 153

VOGAN DORNAS LIXEIRAS

Vogan dornas lixeiras. Un inocente mar
latexan por infindos vougos de vaguedades.
A presenza mariña das aves flota ingrávida
onda os corpos espidos das bañistas na tarde.

Son corpos que irradiantes rouban fulgor ó día.
Corpos fluentes. Seda calcinada brillando
no lene vagarío das docísimas brisas.

Ondas que van e veñen abrazan esas formas.
A beleza nacendo dos corpos desvestidos.
Invasoras escumas. Secretas mans as tactan,
mentres cantan á vida. Ós tenros desafíos.

Fonte: *Orballa en tempo lento*, Espiral maior, 1995, p 15

NAS BAGAS DO PASADO

Eran outras as árbores cando outono chegaba
cos ventos, follas lábiles, cotidiáns salmodías.

A nosa adolescencia fervía perfilándose
dentro de nós cos grises, pequenas rebeldías.

Entre os áulicos mármore do adral líamos nomes.
Exhumábase leas lendas e paganías.

Inventábase xades coas pedriñas brillantes
entre os tallados vidros nas areas das rías.

Que confusión extraña coas liturxias naceron
de mitos, contramitos, sagas, mitoloxías.

Na contraluz das sestras. Na espesura das horas
navegaban os soños por idoiras bahías.

Fonte: *Desmemoriado río*, Espiral maior, 1997, p 45